



Laudatio de Maximino Zumalave Caneda a Pablo Figueroa Dorrego

MEDALLAS DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA 2018

Santiago de Compostela 23 de maio de 2018

Participar no acto de entrega das primeiras medallas que concede o Consello da Cultura Galega, a máis alta institución cultural de Galicia, é realmente unha honra. Poder facelo, ademais, nun acto embelecido con música de piano na propia sede do Consello, situada na mesma planta do edificio en que non hai tantos anos aínda residían músicos da nosa catedral: o mestre de capela, o organista, un sochantre..., e que coincida tamén que estamos dentro dun edificio coroado polo Apóstolo “cabaleiro” precisamente o 23 de maio, cando se conmemora a Batalla de Clavijo e, polo tanto, día en que estes músicos tiñan un protagonismo especial, sitúanos nun espazo apropiado de celebración.

A música ten sempre presenza importante nas celebracións máis sinaladas. Todos coñecemos e temos na lembranza obras musicais compostas ou interpretadas para celebrar acontecementos: a coroación dun rei, a inauguración dunha grande obra hidráulica, a apertura duns xogos olímpicos etc. Por iso, pídolles xa que a boa música presente neste acto, a música que é lingua capaz de expresar xustamente os sentimentos máis grandes –o amor, a dor e a tristura, a grandeza do encontro co máis alto–, lles complete a todos vostedes os baleiros desta miña intervención falada.

Hoxe é un día en que debemos sentirnos orgullosos de ser galegos. Temos ante nós exemplos de entrega e amor a Galicia e á súa cultura. E



debemos tamén sentir orgullo por ser conscientes do traballo realizado por outros. Moi orgullosos en concreto do traballo feito por don Pablo Figueroa Dorrego no ámbito da proxección exterior da cultura galega, especialmente durante a súa etapa de Conselleiro da Embaixada de España en Brasil.

Pablo Figueroa Dorrego, sexto de nove irmáns, nace en Lugo en 1946. Nesta cidade cursa o bacharelato e Comercio. Na Universidade de Santiago de Compostela estuda Dereito. Neste tempo complementa a súa formación con estancias de estudo en Inglaterra. Séntese desde entón influído polo sentido práctico; valora o réxime constitucional, o urbanismo, a ordenación do territorio, o respecto á natureza, á paisaxe. Sen dúbida, todo iso foi importante para o posterior desenvolvemento das súas amplas actividades profesionais.

Pablo Figueroa Dorrego pertence ao Corpo de Letrados da Administración da Seguridade Social e ao Corpo Nacional de Secretarios de Cámaras Oficiais da Propiedade Urbana.

Foi xefe da Secretaría do Ministro da Presidencia (1974-1976), xefe da Asesoría Xurídica Provincial da Seguridade Social (1976-1982), secretario xeral técnico da Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración da Xunta de Galicia (1982-1986), secretario xeral técnico da Consellería de Agricultura (1986-1987), secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade (1987-1990), vicesecretario xeral técnico e máis tarde secretario xeral da Consellería de Presidencia e Administración Pública (1990-1993). Tamén é diplomado en Asuntos Comunitarios polo Ministerio Español de Asuntos Exteriores. Desde abril de 2009 ata xuño de 2012 foi director da Escola Galega de Administración Pública.



A partir desa data foi nomeado Conselleiro Laboral da Embaixada de España en Brasil, cargo que ocupou ata o ano 2017. Neste posto exerceu as tarefas correspondentes ao seu cargo e tamén traballou intensamente a prol da proxección da cultura galega no mundo lusófono.

Admirable, por tanto, é a xenerosidade dun home que, tras desempeñar postos de relevancia na Administración, se entrega en corpo e alma ao labor novo, apaixonante, de proxectar a nosa cultura alén dos límites do noso espazo xeográfico.

Dicía hai un momento que Pablo Figueroa é lucense. De *Lucus Augusti*, a cidade que o profesor Ramón Villares, na súa imprescindible *Historia de Galicia*, titula “A ben murada”. Explícansenos aí moitos pormenores da cidade dos romanos e máis tarde dos bispos que marcaron o devir da cidade natal de Pablo Figueroa e que posiblemente influenciasen o seu pensamento.

“A ben murada”. Desta sólida e lírica expresión sáeme a observación persoal de que unhas boas murallas, ademais de defender e illar, tamén deben permitir saír e volver entrar. Nada que ver coas murallas mentais que tantas veces eriximos con loitas localistas para construír utópicas cidades illadas que deberían contelo todo coma se fosen un burgo medieval.

Comunicarse é sempre moi importante. Din os estudosos que unha lingua é sempre reflexo da realidade en que se desenvolve. Pois ben, gústame imaxinar que a nosa lingua galega conserva na súa esencia a idea de expansión, de universalidade; conceptos inherentes á lingua que os romanos falaban en Lugo hai dous mil anos. Por esta lingua podemos saber que *cultura* e *cultivo* teñen a mesma raíz. Pensalo pode aclarar as ideas en moitas ocasións. En todos os ámbitos a cultura debería ser resultado do



cultivo. En Galicia é sinxelo explicar e entender esta imaxe tomada do mundo agrícola.

Como consecuencia do cultivado ao longo do tempo, os galegos temos un rico patrimonio que ofrecer, moito bo, do que presumir desde hai moitos anos. Algunha vez, sorrindo, comenteille a algún colega de Estados Unidos de América: centos de anos antes de que tivésedes constitución, aquí xa estaba feito o Pórtico da Gloria.

Pablo Figueroa foi sempre consciente dos valores culturais galegos e decidiu dedicarlle moito do seu tempo e enerxía. Non para vender fume, senón para compartir e dar a coñecer o bo que temos. Quizais aprendeu isto xa na súa contorna familiar, en particular por influencia de seu pai, don Manuel Ventura Figueroa Mosteiro, avogado e destacado empresario no sector da distribución farmacéutica en Galicia. Este ideal de difundir a cultura galega marcou a Pablo Figueroa, que entende tamén as ciencias xurídicas como un instrumento para a convivencia e as relacións exteriores. O seu galeguismo, por tanto, foi compatible, en primeiro lugar, cun europeísmo integrador e liberalizador e, máis adiante, coa apertura global a América.

Exemplo senlleiro deste labor foi a súa colaboración exercendo de eixe entre as institucións públicas galegas, españolas e brasileiras na coordinación da itinerancia por Brasil da exposición, organizada polo Consello da Cultura Galega, *Os adeuses. Fotografías de Alberto Martí* durante os anos 2014, 2015 e 2016. Esta mostra percorreu as cidades de Santos, Salvador de Baía, São Paulo, Río de Xaneiro, Brasília, Curitiba, Belo Horizonte, Manaus e Pernambuco. A coordinación de Pablo Figueroa, colaborando cos directores das distintas sedes do Instituto Cervantes en Brasil, foi decisiva para o éxito acadado por esta exposición.



Todo este traballo é demostración da xenerosidade de Pablo Figueroa. Xenerosidade nunha dobre dirección: cara ao exterior que a recibe (Brasil) e cara a nós, os galegos, porque nos promove amosando o mellor de nós mesmos.

Habería que destacar, finalmente, o rico perfil humanista de Pablo Figueroa, as súas afeccións: a música (dígoo, naturalmente, en primeiro lugar), a lectura, a pintura, a arquitectura (dato curioso é que a súa casa familiar lucense é obra dun arquitecto senlleiro, Ramón Vázquez Molezún; trátase dunha interesante construción de 1956 deseñada a partir de tres octógonos e que acadou o Premio Nacional de Arquitectura)...

Obriga imprescindible é salientar as súas calidades humanas: a súa educación, a amabilidade, a actitude de escoita, de reflexión serena, a capacidade de negociación, a súa humildade e discreción, saber estar en segundo plano, a permanente actitude de servizo aos demais... A familiaridade, as atencións, a súa humanidade e proximidade... (Vivín en primeira persoa detalles como ir buscarme el mesmo ao aeroporto de Brasíla). E todo isto feito con naturalidade e elegancia, consecuencia indubidable da boa educación recibida no seo dunha familia liberal que ten fortes raíces betanceiras e chairegas.

En Pablo Figueroa está sempre presente o amor a Galicia, á súa cultura e á súa lingua; amosa tamén unha fonda preocupación polo desenvolvemento económico de Galicia. Tampouco esquece nunca a gratitude e o respecto que debemos á emigración.

Desde sempre Pablo Figueroa presta unha grande atención ao feito político. Como xurista e funcionario público do Estado, trata de buscar sempre o axeitado e difícil equilibrio entre a convicción, os principios, a



norma, a responsabilidade e os fins. En definitiva, compatibilizar o marco xurídico e a realidade social onde hai que aplicalo.

Todo isto configura no ámbito profesional unha personalidade pre-disposta á procura dunha solución a cada problema, a cada conflito. No ámbito persoal intenta sempre a convivencia baseada no respecto aos demais. Lucidamente el mesmo pon o exemplo das *Variacións Goldberg* de J. S. Bach como alegoría musical desa ética da responsabilidade. Estas 30 maravillosas e imaxinativas variacións sobre un único tema son o resumo que fai un xenio de toda a técnica compositiva e instrumental da súa época. Todos os recursos ao servizo dunha idea.

No momento de pechar a miña intervención, intento reflectir algo do moito que significa a obra de Pablo Figuroa, non quixera como imaxe un retrato en branco e negro como as fotografías da emigración. Hoxe corresponde celebración en cor; en cores cálidas e estimulantes, reflexo do noso afecto e da nosa motivación para emular o seu compromiso.

Amigo Pablo, tes un recoñecemento unánime sobradamente merecido. De rebote, atribuíamos a nós mesmos o mérito de que o recoñecemos, porque ¡que ben me sinto eu cando valoramos un dos nosos!

Estou seguro de que vives neste instante a emoción de quen recibe esta medalla. É certa e sincera, así mesmo, a satisfacción da institución que cha outorga.

Grazas polo teu exemplo. Posnos o listón moi alto...!